



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE EDUCACION

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 3º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Fax: 981 60 25 28

Ordenanza reguladora das subvencións o proxecto Ponte dos Brozos (Portátiles Para Alumnos)

PRIMEIRA.- O obxectivo deste regulamento é a colaboración entre a Fundación Amancio Ortega e o Concello de Arteixo, para desenvolver o Proxecto Ponte do Brozos, nos Institutos de Ensino Secundario de Sabón (IES de Sabón) e de Pastoriza (IES Nº 3).

SEGUNDA.- O Concello de Arteixo financiará ata un máximo do 50% do custe de cada ordenador portátil a cada alumno adscrito ó programa.

TERCEIRA.- O prazo máximo de financiación de cada ordenador será de 4 anos (48 meses).

CUARTA.- O Concello deberá abonar mensualmente a contía correspondente á subvención que lle corresponda por cada tarifa. As familias abonarán a contía correspondente á tarifa que lle corresponda segundo a financiación pactada coa entidade bancaria.

QUINTA.- O Concello de Arteixo é o responsable de elaborar o baremo polo que se rexerá a contía do apoio económico. Este baremo establecerá as seguintes cuotas mensuais.

Tarifa 1.....P. B. igual ou maior a 30.....	100 % axuda
Tarifa 2.....P. B. entre 29 e 27.....	85 % axuda
Tarifa 3.....P. B. entre 26 e 22.....	70 % axuda
Tarifa 4.....P. B. entre 21 e 18.....	50 % axuda
Tarifa 5.....P. B. entre 17 e 14	35 % axuda
Tarifa 6.....P. B. entre 13 e 10.....	20 % axuda
Tarifa 7.....P. B. entre 9 e 6.....	5 % axuda
Tarifa 8.....P. B. menor de seis.....	0% axuda

P.B = Puntuación no baremo

SEXTA.- Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes e os fillos maiores de idade e menores de 26 anos e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica competente.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE EDUCACION

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 3º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Fax: 981 60 25 28

Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou a nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

A determinación dos membros da unidade familiar farase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano.

SÉTIMA.- Correspóndelle á Fundación Amancio Ortega a titularidade dos ordenadores dende o momento da súa adquisición e a entrega no instituto, ata que a familia abone o total das cuotas comprometidas.

OITAVA.- Se a condición de empadramento e/ou participación no Proxecto Ponte do Brozos se vira interrompido pola causa que fose, a familia deberá abonar nunha única cuota, se desexa quedarse co ordenador, a cantidade que faltase ata a totalidade da parte financiada; do contrario, o ordenador revertirá á Fundación.

NOVENA.- As solicitudes de subvención formalizaranse no momento da matrícula no propio centro (salvo ocasións extraordinarias que se convoquen) cubrindo a ficha de inscrición anexa, axuntando a seguinte documentación:

- . Padrón Municipal
- . Copia IRPF ou documento/s substitutivo/s
- . Copia Libro de Familia
- . Certificado de estudos do centro
- . Calquera outra certificación necesaria

DÉCIMA.- Consonte ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 o presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no B.O.P. e logo que teña transcorrido o prazo de 15 días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 da devandita lei.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE EDUCACION

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 3º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Fax: 981 60 25 28

BAREMO

1.- Situación Socio Familiar

- 1.1.- Por cada membro menor de 18 anos a cargo da unidade familiar..... 4 puntos
1.2.- Por cada membro maior de 18 anos a cargo da unidade familiar, sen ingresos económicos, agás os pais do solicitante..... 4 puntos
1.3.- Por minusvalidez física, síquica ou sensorial, enfermidade crónica que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogadicción (segundo o grado):
. Pai..... ata 5 puntos
. Nai..... ata 5 puntos
. Outros membros da unidade familiar..... ata 5 puntos
1.4.- Por cada irmán adscrito ó programa..... 5 puntos
1.5.- Pola condición de familia numerosa..... 6 puntos
1.6.- Calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión e adecuadamente acreditada..... ata 5 puntos

2.- Situación Laboral Familiar

- 2.1.- Situación laboral de ocupación de ámbolos dous membros parentais..... 3 puntos
2.2.- Situación laboral de desemprego sen prestación económica
. Pai..... 4 puntos
. Nai..... 4 puntos
2.3.- Situación laboral de desemprego con prestación económica
. Pai..... 3 puntos
. Nai..... 3 puntos
2.3.- Traballos sen cualificar fóra do fogar sen percepción económica fixa
. Pai..... 3 puntos
. Nai..... 3 puntos

3.- Situación Económica

- . R.p.c inferior ó 50 % do S.M.I..... < de 230.25 €..... 3 puntos
. R.p.c entre o 50 e o 75 % do S.M.I..... 230.26 – 345.37 €..... 2 puntos
. R.p.c superior ó 75 e inferior ó 100 % do S.M.I..... 345.37 – 460.49 €..... 1 puntos
. R.p.c entre o 100 e o 125% do S.M.I..... 460.50 – 575.62 €..... -1 puntos
. R.p.c superior ó 125 e inferior ó 150 % do S.M.I..... 575.63 – 690.74 €..... -2 puntos
. R.p.c. superior ó 150 % do S.M.I..... > de 690.75 €..... -3 puntos